

## IV. OPOSICIÓN E CONCURSOS

### UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

*RESOLUCIÓN do 2 de agosto de 2024 pola que se nomea persoal funcionario de carreira da escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, pola quenda de acceso libre.*

De conformidade coa proposta elevada polo tribunal cualificador das probas selectivas convocadas pola Resolución reitoral do 19 de abril de 2022 (DOG do 3 de maio), para ingreso na escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, da Universidade de Santiago de Compostela (USC), pola quenda de acceso libre, e comprobado que as persoas seleccionadas reúnen os requisitos exixidos na base 2 da convocatoria, de acordo co disposto no artigo 85.j) dos estatutos da USC,

#### RESOLVO:

Primeiro. Aprobar a proposta efectuada polo tribunal cualificador e nomear persoal funcionario de carreira da escala auxiliar de arquivos, bibliotecas e museos, subgrupo C1, da USC, as persoas aspirantes que superaron o proceso selectivo. No anexo da resolución relaciónnanse as persoas nomeadas e os destinos adxudicados.

Segundo. Para adquirir a condición de persoal funcionario de carreira, as persoas ás cales se refire o anexo desta resolución deberán cumplir os requisitos exixidos no artigo 60 da Lei 2/2015, do 29 de abril, e tomar posesión do correspondente posto de traballo no prazo dun mes, que comezará a computarse o día 16 de setembro de 2024.

No caso de que a persoa aspirante se atope en situación de incapacidade temporal, o prazo para a toma de posesión comezará a partir do día seguinte hábil á data da alta médica, que deberá acreditar. Quedan exceptuadas do disposto neste parágrafo as situacións derivadas da maternidade ou paternidade, que poderán tomar posesión durante esta situación.

Contra a presente resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.



Non obstante, as persoas interesadas poderán interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo dun mes perante o órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo antedito mentres non se dite resolución expresa ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto ao abeiro dos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2024

Antonio López Díaz  
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

#### ANEXO

#### **Adxudicación de destinos**

Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidad de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus
1	***4552**	Corral Pérez, Isabel	PF000455	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Medicina e Odontoloxía-Facultade de Enfermaría.	C1	17	Mañá	Compostela
2	***7085**	Tejado Montero, Irene	PF000490	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo.	C1	17	Tarde	Lugo
3	***9358**	Otero Mato, Alejandro	PF000449	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Matemáticas.	C1	17	Tarde	Compostela
4	***4624**	Lanzós López, Pamela	PF000493	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo.	C1	17	Mañá	Lugo
5	***0638**	Traficante Fernández, Rafael José	PF000402	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Xerencia.	C1	17	Tarde	Compostela
6	***8809**	Samartín Cardama, Maite	PF000428	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Filoloxía.	C1	17	Tarde	Compostela
7	***3582**	Barbeito Fariña, Jesús	PF000404	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Negociados Biblioteca Xeral.	C1	17	Tarde	Compostela
8	***6943**	Cid Álvarez, Sara María	PF000502	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal.	C1	17	Tarde	Compostela
9	***9428**	Calvo Carballera, Ana	PF000473	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Medicina e Odontoloxía-Facultade de Enfermaría.	C1	17	Tarde	Compostela
10	***1958**	Louzao Soneira, Begoña	PF000469	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Xeografía e Historia. Facultade de Filosofía.	C1	17	Tarde	Compostela
11	***4485**	Quiroga Rodríguez, María José	PF000437	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Psicoloxía. Facultade Ciencias da Educación.	C1	17	Tarde	Compostela
12	***6010**	Acosta González, Guillermo	PF000503	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Universitaria Concepción Arenal.	C1	17	Tarde	Compostela



Núm. orde	DNI	Apelidos e nome	Código	Denominación e unidad de adscrición do posto	Subgrupo	Nivel	Quenda	Campus
13	***9002**	Figueiras Nodar, Margarita	PF000415	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais.	C1	17	Tarde	Compostela
14	***5971**	Quiñoy Seoane, Sergio	PF000492	Auxiliar arquivo, biblioteca e museo. Biblioteca Intercentros Campus de Lugo.	C1	17	Mañá	Lugo

